O 11 de marzo a Organización Mundial da Saúde declarou a pandemia mundial provocada polo Covid-19, orixinada en China, o que supuxo que a metade dos habitantes do mundo permanecemos en situación de confinamento, paralizano a maior parte do mundo e provocando unha crise mundial que é unha das maiores ameazas coñecidas para a saúde das persoas, con gravísimas consecuencias para a economía e para o emprego, poñendo en risco os medios de vida e o benestar de millóns de persoas.

As medidas de confinamento, as restricións á mobilidade e a paralización da actividade produtiva aplicadas na gran maioría dos países reflíctense na caída do PIB e a perda de empregos, as maiores caídas desde o inicio do século XX; así a caída do PIB en Galicia en 2020 foi dun 8,2 %, afectando a sectores con moito peso dentro da nosa economía.

Xa que logo, o principal reto dos gobernos hoxe segue a ser protexer a saúde e a vida das persoas e facer fronte ás consecuencias económicas e sociais desta crise



sen precedentes. O Goberno de España puxo en funcionamento un potente plan de choque de medidas económicas e laborais, estimado nun 20 % do PIB para protexer ás empresas, as persoas autónomas e aos traballadores, medidas que procuran protexer a saúde, ao sistema produtivo e ao traballo, facilitando a liquidez para autónomos e empresas e as rendas para os traballadores, así como medidas de protección social para as persoas máis vulnerables, procurando unha saída o menos desigual posible, para que ninguén quede atrás, tal e como aconteceu durante a crise de 2008.

O principal obxectivo do Goberno de España é protexer o emprego e que o descenso da economía se traslade ao axuste das capacidades de produción a través dos Expedientes de Regulación Temporal do Emprego (ERTE), ben sexan de suspensión dos contratos ou de redución de xornada, evitando deste xeito a destrución masiva de empregos con despidos colectivos mediante Expedientes de Regulación de Emprego (ERE) ou recorrendo a despidos individuais. Por iso, o Goberno decretou que os ERTE como consecuencia do estado de alarma sexan considerados de forza maior, prohibindo ao mesmo tempo os despidos como consecuencia da Covid-19.

Tamén os autónomos teñen, por primeira vez ante unha crise, cobertura do Goberno de España ante a paralización da actividade ou pola diminución dos seus ingresos, cunha prestación extraordinaria por cese de actividade.

Outras medidas importantes impulsadas polo Goberno de España son a implantación do teletraballo, o permiso retribuído recuperable, a mellora da protección dos fixos discontinuos e dos traballadores con contrato temporal, as medidas para as empregadas do fogar, e a posta en marcha do Ingreso Mínimo Vital, que protexa ás persoas máis vulnerables.

A saída desta crise para Galicia vai precisar dun maior impulso por parte da Xunta de Galicia e os socialistas analizamos máis que preocupados a execución orzamentaria ano tras ano das partidas consignadas nos seus propios orzamentos para a mellora da empregabilidade, a formación profesional para desempregados ou da promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo, que para o exercicio 2020 tivo un incremento de 67 millóns de euros grazas ás transferencias do Estado, pero deixaron sen executar 18 millóns de euros.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é a opinión do Goberno galego ante a baixa execución ano tras ano destas partidas para o emprego?



2ª) Vai o Goberno galego elaborar un plan de emprego para Galicia que conte con todos os actores implicados: sindicatos, concellos, deputacións e asociacións empresariais para a consecución da inserción laboral, fundamentalmente, dos colectivos con maiores problemas de inserción, a adaptación da formación para persoas desempregadas segundo as necesidades do noso tecido produtivo a formación sobre o emprego autónomo e que conte con medidas de apoio as persoas asalariadas que están nos ERTE ou acollidas a algunha das axudas do Estado para as persoas autónomas?

Pazo do Parlamento, 23 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/08/2021 13:55:12

Juan Carlos Francisco Rivera na data 23/08/2021 13:55:25

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 23/08/2021 13:55:38



A Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Borja Vereja Fraiz, José Antonio Armada Pérez e Ovidio Rodeiro, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Na presentación do informe *A innovación aberta en Galicia* realizado pola Fundación Cotec, o pasado 20 de xullo, púxose de manifesto a importante transformación do ecosistema galego de I+D+i nos últimos tempos sobre a base dunha cooperación máis ampla e estreita entre todos os seus axentes – administracións, universidades, centros tecnolóxicos, clústeres ou provedores tecnolóxicos – co sistema empresarial, permitindo que moitas pemes, micropemes e autónomos puidesen innovar nos seus produtos e procesos.

De feito, desde 2014, a innovación en Galicia medrou case o dobre do ritmo da media española, aplicando un enfoque máis sistémico e aberto, que ten contribuído a avanzar 34 postos no último *Regional Innovation Scoreboard (RIS)* publicado, tamén en xullo, pola Comisión Europea. Ademais está o papel que vén xogando a política de I+D+i desenvolvida pola Xunta de Galicia, mediante un maior compromiso orzamentario para este tipo de actuacións (227,5 millóns de euros este ano, é dicir, un 60% máis que en 2009), priorizando instrumentos e medidas singulares e, no seu momento, pioneiros en España como a compra pública innovadora, as unidades mixtas de investigación, o programa Ignicia, as *business factories*, os Conecta Hub ou o Polo Aeroespacial de Galicia, entre outros.

Tras a pandemia, estamos nun momento clave para fortalecer as nosas capacidades innovadoras para acelerar a dobre transformación dixital e verde que temos por diante, consolidando un modelo produtivo máis baseado no coñecemento e, polo tanto, con máis valor engadido, que contribúa a xerar emprego de calidade.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Que instrumentos ten previsto desenvolver a Xunta de Galicia para reforzar o modelo de innovación aberta que se está a impulsar desde hai algúns anos e que nos sitúa entre as Comunidades Autónomas máis eficientes desde o punto de vista da relación entre investimentos e resultados?



Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Domínguez na data 23/08/2021 14:00:01

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 23/08/2021 14:00:18

Marta Nóvoa Iglesias na data 23/08/2021 14:00:34

Cristina Sanz Arias na data 23/08/2021 14:00:49

Borja Vereza Fraiz na data 23/08/2021 14:01:23

José Antonio Armada Pérez na data 23/08/2021 14:01:35

Ovidio Rodeiro Tato na data 23/08/2021 14:01:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A capacidade exportadora dun territorio é un factor fundamental para avaliar a súa competitividade e a súa capacidade para ter un crecemento económico sostido no tempo. O que quere dicir que é un factor básico para xerar emprego de calidade e asegurar a sustentabilidade do sistema de protección social.

Dentro do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 atópase a Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020 que establece cinco eixos de actuación e dous obxectivos: que en 2020 a participación das exportacións no PIB acade o 40 % e incrementar en máis dun 25 % o número de empresas exportadoras, ata chegar ás 8.000 empresas, obxectivos que non parece que se teñan acadado segundo os últimos datos publicados.

Os últimos estudos publicados polo Consello Económico e Social de Galicia, O Foro Económico de Galicia e os informes de comercio exterior do Instituto Galego de Estatística advirtenos de que as exportacións en Galicia seguen caracterizándose por unha baixa diversificación, concentrándose a maior parte en dúas empresas e cunha forte concentración cara ao mercado europeo, porén a execución orzamentaria da partida 741A. Apoio á modernización, internacionalización, e mellora da competitividade, innovación e produción segue a ser unha das partidas con peor execución orzamentaria ano tras ano, acadando no exercicio 2020 tan só un 70,5 % sobre o crédito inicial consignado, o que supón que dos 130 millóns de euros consignados deixáronse sen executar 38.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre a baixa execución ano tras ano da partida orzamentaria destinada á internacionalización das empresas galegas?

2ª) Considera o Goberno galego que os recursos do Igape son suficientes para axudar na internacionalización das empresas galegas?

3ª) Cal é a estratexia para a internacionalización das empresas galegas que se está desenvolvendo na nosa comunidade?



4ª) Ten avaliado nos últimos anos o Igape os resultados obtidos polos seus programas de internacionalización?

5ª) De ser así, cal ten sido o resultado desa avaliación?

6ª) Ten feito o Igape unha avaliación dos resultados en termos de incorporación de novas empresas aos mercados internacionais?

Pazo do Parlamento, 23 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/08/2021 12:49:27

Juan Carlos Francisco Rivera na data 23/08/2021 12:49:41



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O artigo 30 do Estatuto de autonomía de Galicia establece que a Comunidade Autónoma de Galicia ten a competencia exclusiva sobre o fomento e a planificación da actividade económica de Galicia.

En virtude deste competencia, a Consellería de Economía, Emprego e Industria puxo en funcionamento no ano 2016 a Oficina Doing Business Galicia.

O 10 de outubro de 2017, a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) asinaron un protocolo de actuación para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Bussines Galicia”.

O Protocolo pon unha serie de deberes aos concellos que consisten na axilización e simplificación administrativa dos trámites municipais, modificacións do réxime xurídico do concello e modificacións do réxime fiscal; así como o establecemento de prezos competitivos nas parcelas de solo empresarial.

E na cláusula terceira do documento recóllense os compromisos da Xunta de Galicia:

“ Os concellos que se acollan á iniciativa “Doing Business Galicia” veranse beneficiados das diferentes medidas que vai promover a Xunta de Galicia coa finalidade de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. En concreto:

1. A Xunta de Galicia establecerá unha discriminación positiva a favor de aqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexan convocadas en réxime de concorrencia competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100, do total.



2. Os concellos adheridos a este protocolo poderán integrar o solo industrial da súa titularidade no Observatorio de Solo Empresarial creado pola Xunta de Galicia co fin de centralizar a información relativa á oferta de inmobles empresariais (naves, parcelas, oficinas, viveiros de empresas...), e ofrecer ás empresas e emprendedores unha localización en Galicia para o desenvolvemento da súa actividade.

3. Creación dunha marca territorial, asociada á Oficina Doing Business, como plataforma de colaboración para reducir as cargas administrativas ás empresas e que funcione a modo de xanela única. Os adheridos ao protocolo adquirirán, a condición de “Concello Doing Bussines Galicia”, o que suporá un reforzo do posicionamento global do concello con respecto aos non integrados nesta marca territorial, e identificarán os activos tanxibles e intanxibles que posúe Galicia en xeral, e os seus diferentes municipios en particular, e que lles garanten diferenciarse doutros territorios.”

Pasado máis de tres anos dende a sinatura deste protocolo, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal foi a actividade do Observatorio de Solo Empresarial creado pola Xunta de Galicia?

2ª) Cal foi a avaliación das necesidades do sector elaborada polo Observatorio de Solo Empresarial de Galicia?

3ª) Cales son as proposta de actuación nos distintos parques empresariais de Galicia elaboradas polo Observatorio de Solo Empresarial de Galicia?

4ª) Onde están publicados os informes periódicos que ten que elaborar o Observatorio de Solo Empresarial de Galicia?

5ª) Cantos concellos galegos contan coa condición “Concello Doing Bussines Galicia”?

6ª) Cal foi a actividade da marca territorial, asociada á Oficina Doing Business, que se propoñía como plataforma de colaboración para reducir as cargas administrativas ás empresas funcionando a modo de xanela única?

7ª) Cantos convenios teñen asinado as entidades integrantes do sector público autonómico cos concellos galegos para que estes poidan desenvolver áreas



empresarias, segundo o establecido na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia?

Pazo do Parlamento, 23 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/08/2021 14:05:04

Juan Carlos Francisco Rivera na data 23/08/2021 14:05:19



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda xestiona as actuacións que se desenvolven en Galicia dentro do Plan Hurbe 2010-2020, dando cumprimento ao reto manifestado pola Xunta de Galicia de acadar un urbanismo responsable en toda a comunidade e apostar pola recuperación e o reequilibrio territorial entre as vilas e cidades galegas.

Segundo o balance do Plan Hurbe exposto na páxina *web* da Consellería de Medio Ambiente, dende 2010 executáronse ou comprometéronse un total de 317 actuacións urbanísticas en decenas de concellos galegos, cunha mobilización de 148,96 millóns de euros e a dotación orzamentaria para este exercicio 2021 é de 7,4 millóns de euros.

Na sede electrónica da Xunta de Galicia aparece aberto o prazo de presentación para todo o ano e establece que “Os programas do actual Plan Hurbe 2014-2017 son:

- *Programa de equipamentos públicos.*
- *Programa de humanización de rúas.*
- *Programa de urbanización e mellora de espazos públicos.*

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego da xestión e resultados acadados co Plan Hurbe 2010-2020?

2ª) Cales foron os concellos beneficiados con este plan?

3ª) Cales foron as obras financiadas e as contías recibidas por cada un dos concellos beneficiados?

4ª) Como se fai a valoración das solicitudes achegadas para a súa concesión?





Pazo do Parlamento, 23 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/08/2021 12:25:42

Pablo Arangüena Fernández na data 23/08/2021 12:25:56

Paloma Castro Rey na data 23/08/2021 14:07:54



A Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Borja Vereá Fraiz, José Antonio Armada Pérez e Ovidio Rodeiro, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

As empresas galegas están aproveitando cada vez máis as oportunidades para internacionalizarse e saír ao mercado exterior. De feito, Galicia vén marcando cifras récord de exportacións nos últimos anos, situándose sempre por enriba dos 20.000 millóns de euros desde 2017, e de seguido teñen retomado o pulso tras o impacto provocado pola pandemia da covid-19 o pasado ano.

Sirva de exemplo que as vendas ao exterior da Comunidade galega entre os meses de xaneiro e maio superan en 590 millóns de euros a cifra rexistrada no mesmo período do ano 2019. Acadan, polo tanto, un total de 9.470 millóns de euros, destacando as exportacións realizadas pola industria de automoción (34%), do téxtil (16,6%) e dos metais e as súas manufacturas (7,8%). Así pois, no que levamos deste 2021, Galicia amosa unha taxa de crecemento do 41,4%, fronte ao 23,5% da media nacional.

Xunto a isto, cómpre destacar que o número de empresas exportadoras ten aumentado nun 14% nos últimos seis anos, pasando de 6.236 en 2014 a 7.118 en 2020. Tamén as empresas galegas que venden ao exterior de maneira regular, que creceron algo máis (+15,6%), ata situarse en 2.519.

En consecuencia, as estatísticas publicadas pola Secretaría de Estado de Comercio reflicten o resultado dun importante esforzo colectivo do tecido produtivo galego por mellorar a súa posición no mercado internacional, que conta co máximo repaldo da Xunta de Galicia a través de programas senlleiros como o Galicia Exporta ou as liñas destinadas aos bolseiros e aos xestores de internacionalización, entre outras. Unha aposta na que é preciso seguir avanzando no actual contexto económico como factor dinamizador da recuperación económica.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en comisión:

Que instrumentos ten previsto desenvolver a Xunta de Galicia para seguir impulsando a internacionalización do tecido empresarial e o comercio exterior da nosa Comunidade?



Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Domínguez na data 23/08/2021 14:09:09

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 23/08/2021 14:09:27

Marta Nóvoa Iglesias na data 23/08/2021 14:09:42

Cristina Sanz Arias na data 23/08/2021 14:10:01

Borja Vereza Fraiz na data 23/08/2021 14:10:24

José Antonio Armada Pérez na data 23/08/2021 14:10:43

Ovidio Rodeiro Tato na data 23/08/2021 14:11:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Olalla Rodil Fernández, Daniel Pérez López e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

Exposición de motivos

Estes días vimos de tomar coñecemento das condición de produción e laborais que está a levar a cabo a empresa Surexport no concello de Begonte.

Esta empresa de Huelva ten como clientes a Mercadona ou Tesco, e mobiliza un gran volume de negocio relacionado coa produción e venta de froitos vermellos, e conta con 72 has. no Concello de Begonte para a súa produción.

Surexport trasladou á Galiza o seu modelo de produción en Andalucía, acapara superficie para instalar grandes invernadoiros, uso máximo de produtos fitosanitarios para garantir a súa produción, consumo de gran volume de auga para os cultivos e emprego de persoas inmigrantes sen as máis mínimas garantías laborais nin vitais, comprometendo incluso a Saúde Pública ao non poder cumprirse coas medidas anti-covid de modo adecuado.

Podemos ver que esta empresa exemplifica perfectamente todo aquilo que non se debe facer, tendo moitas das cuestións gran carga de potencial ilegalidade, algunhas delas repercuten moi negativamente nas persoas traballadoras e outras repercuten moi negativamente nas persoas que comproun estes produtos.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Ningún dos puntos sinalados concordan coas políticas europeas de protección medio ambiental, á diversidade ou de loita contra o cambio climático.

Non podemos ver dende o BNG máis cousa que esta empresa como outras vén unha vez máis esquilmar o noso territorio sen deixar a penas rendibilidade, consume os nosos recursos hídricos, probablemente extenúa a capacidade produtiva da terra, fai unha competencia desleal con outros modelos produtivos autóctonos que non poden competir co prezo por ha, non crea nin un só posto de traballo local, nin tampouco favorece que se xere tecido social, xa que as condicións do persoal que traballa son pésimas e o seu fin parece traballar o máximo posible para irse tamén o máis pronto posible, entendemos tamén que tributa fóra da nosa CA.

Por todo isto é incomprensible que dende a Xunta da Galiza non se teña actuado con anterioridade cos mecanismos que ten á súa disposición como por exemplo a Inspección de Traballo, ou outros sistemas de vixilancia para determinar se se cumpre coa normativa sanitaria, tanto no aspecto laboral como nas condicións de habitabilidade dos lugares de aloxamento das persoas traballadoras, a inmensa maioría inmigrantes.

Non podemos atopar a máis mínima vantaxe a que esta empresa se implante deste modo no noso territorio, e por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Vai a Xunta tomar as medidas precisas, e de xeito inmediato, para inspeccionar as instalacións da empresa Surexport no concello de Begonte e no de Castro de Rei, na súa vertente laboral e sanitaria?

Vai a Consellería de Emprego e Igualdade promover a Inspección inmediata das condicións laborais das persoas que traballan nos distintos postos produtivos e de comercialización?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai a Consellería de Sanidade facer comprobación das posibilidades de cumprimento das medidas anti-covid entre o persoal, tanto dentro dos invernadoiros como nos lugares de aloxamento?

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 23/08/2021 14:01:35

María Montserrat Prado Cores na data 23/08/2021 14:01:47

Olalla Rodil Fernández na data 23/08/2021 14:01:56

Daniel Pérez López na data 23/08/2021 14:02:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa ao funcionamento do “Fondo solidario de libros de texto e axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar” para o alumnado de ensino obrigatorio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a supresión da gratuidade dos libros de texto que se instaurara en Galiza no curso 2005-06, a Xunta de Galiza optou por outorgar unhas bolsas para a adquisición dos libros e do material escolar no ensino obrigatorio.

Estas bolsas teñen en conta o criterio da renda familiar, mais non outras cuestións de suma importancia como o nivel educativo que van cursar os nenos e nenas que pertencen á unidade familiar que solicita a bolsa.

Por este motivo, en moitos casos, o custo dos libros pode ser moi inferior á cantidade que se recolle no cheque ao que a familia ten dereito. Neste caso, a unidade familiar “perde” esa diferenza de diñeiro, que non se pode gastar en material escolar ou libros de lectura.

Un outro sistema, que tivese en conta o nivel educativo que vai cursar a rapazada, que permitise mercar outro tipo de útiles de papelería ou libros de literatura, sería moito





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis proveitoso. Asemade, cumpriría permitir que ese diñeiro puidese ser gastado en calquera momento ao longo do curso académico.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Está disposto o goberno a realizar as mudanzas necesarias para mellorar o sistema do Fondo solidario de libros de texto e axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar?

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 23/08/2021 09:14:00

Daniel Castro García na data 23/08/2021 09:14:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/08/2021 09:14:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

Exposición de motivos

Estes días vimos de tomar coñecemento das condicións de produción e laborais que está a levar a cabo a empresa Surexport no concello de Begonte.

Esta empresa de Huelva ten como clientes a Mercadona ou Tesco, e mobiliza un gran volume de negocio relacionado coa produción e venta de froitos vermellos, e conta con 72 ha no Concello de Begonte para a súa produción.

Surexport trasladou á Galiza o seu modelo de produción en Andalucía, acapara superficie para instalar grandes invernadoiros, uso máximo de produtos fitosanitarios para garantir a súa produción, consumo de gran volume de auga para os cultivos e emprego de persoas inmigrantes sen as máis mínimas garantías laborais nin vitais, comprometendo incluso a Saúde Pública ao non poder cumprirse coas medidas anti-covid de modo adecuado.

Podemos ver que esta empresa exemplifica perfectamente todo aquilo que non se debe facer, tendo moitas das cuestións gran carga de potencial ilegalidade, algunhas delas repercuten moi negativamente nas persoas traballadoras e outras repercuten moi negativamente nas persoas que comproun estes produtos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ningún dos puntos sinalados concordan coas políticas europeas de protección medio ambiental, á diversidade ou de loita contra o cambio climático.

Non podemos ver dende o BNG máis cousa que esta empresa como outras vén unha vez máis esquilmar o noso territorio sen deixar apenas rendibilidade, consume os nosos recursos hídricos, probablemente extenúa a capacidade produtiva da terra, fai unha competencia desleal con outros modelos produtivos autóctonos que non poden competir co prezo por ha, non crea nin un só posto de traballo local, nin tampouco favorece que se xere tecido social, xa que as condicións do persoal que traballa son pésimas e o seu fin parece traballar o máximo posible para irse tamén o máis pronto posible, entendemos tamén que tributa fóra da nosa CA.

Por todo isto é incomprensible que dende a Xunta da Galiza non se teña actuado con anterioridade cos mecanismos que ten á súa disposición como por exemplo a Inspección de Traballo, ou outros sistemas de vixilancia para determinar se se cumpre coa normativa sanitaria, tanto no aspecto laboral como nas condicións de habitabilidade dos lugares de aloxamento das persoas traballadoras, a inmensa maioría inmigrantes.

Non podemos atopar a máis mínima vantaxe a que esta empresa se implante deste modo no noso territorio, por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Vai a Consellería de Medio Rural tomar algún tipo de determinación da súa competencia para que esta e outras empresas con iguais modelos produtivos melloren a sostibilidade medio ambiental da súa produción?

Está a cumprir esta empresa cos estándares de sanidade vexetal?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Consellería que este é o modelo de traballo agrícola que buscamos para Galiza ou ben que este tipo de empresas non axudan ao fomento da dignificación destes traballos entre a xuventude?

Ten a Consellería avaliada a sostibilidade medioambiental deste modelo produtivo intensivo?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2021

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 24/08/2021 11:37:10

María González Albert na data 24/08/2021 11:37:15

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/08/2021 11:37:28



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Galicia avanza nun proceso continuo de exclusión financeira como consecuencia dunha reestruturación bancaria que está a ameazar a presenza de oficinas en moitos dos concellos galegos, maioritariamente rurais, o que repercute de maneira moi negativa no benestar da poboación.

A entidade Abanca anunciou recentemente que o vindeiro 8 de setembro pechará varias sucursais, entre elas, a situada na parroquia de Campelo, no concello de Poio, quedando así sen o servizo bancario diario que presta unha dunha entidade financeira.

O peche desta sucursal afectará sen dúbida á economía da zona, nomeadamente servizos, hostalaría e comercio. Tamén a veciñanza, que se deberá desprazar ata outra parroquia para realizar calquera xestión ou trámite bancario que precise.

Este peche, vai repercutir moi negativamente na calidade de vida da poboación de máis idade, e á que lle é imposible acceder ás novas utilidades tecnolóxicas coas que se pretende substituír o trato persoal cos empregados da sucursal.

En efecto, o proceso acelerado de dixitalización no que están inmersas as entidades financeiras galegas ignorando a fenda existente nese eido para moitos colectivos, especialmente xente maior e que habita en concellos rurais, mostra unha realidade complexa que esixe a inmediata intervención das administracións públicas.

A atención ás comarcas rurais e a loita contra o seu despoboamento pasa polo mantemento e consolidación dos servizos básicos, e en maior medida en zonas nas que existe un problema demográfico.



É por iso que os poderes públicos non poden permanecer alleos a procesos que están a supor un cada vez maior esmorecemento do rural, en contra precisamente do manifestado en múltiples ocasións polo actual Goberno galego.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Realizou ou pensa realizar o Goberno galego algunha xestión para evitar o peche da sucursal de Campelo no Concello de Poio, que deixaría a súa poboación sen este servizo?
- 2.^a) Como valora a Xunta de Galicia o peche da sucursal de Abanca de Campelo no concello de Poio?
- 3.^a) Considera a Xunta de Galicia que debe iniciar conversas con Abanca para evitar o peche de sucursais bancarias no rural de acordo a unha estratexia de fortalecemento do rural e contra o seu despoboamento?
- 4.^a) Que medidas está a levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a accesibilidade dixital das persoas consumidoras galegas, especialmente da xente maior que vive nun concello rural e carecen de oficina bancaria?

Pazo do Parlamento, 24 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 24/08/2021 12:22:02

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/08/2021 12:22:11

Juan Carlos Francisco Rivera na data 24/08/2021 12:22:25



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

O concello da Cañiza non é alleo á política de desmantelamento da sanidade pública levada a cabo durante estes anos de goberno do PP en Galicia.

Este concello conta con 5.122 habitantes e presenta unha tendencia positiva de crecemento nos últimos anos.

O PAC da Cañiza leva conta dende hai dous anos cun facultativo menos, sendo unicamente 3 os profesionais médicos adscritos a este concello, o que supón un prexuízo para o dereito a unha atención sanitaria de calidade da súa veciñanza, xa que son insuficientes para atender ás 4.411 cartillas adscritas.

A poboación da Cañiza, está repartida en 9 parroquias, delas, a de Velaixe é a maior e máis importante das parroquias do municipio. Cunha poboación de arredor de 1.300 veciños e dista da capital 5 km.

E é tamén a máis prexudicada por esta falla de facultativos, xa que o centro de saúde sito nesta parroquia leva dous anos sen repoñer o médico que cesou por unha baixa.

Isto supón un forte agravio para a poboación desta parroquia que se ten que desprazar ata o PAC da Cañiza sito a máis de 5 Km, tendo en conta que se trata na maioría dos casos, dunha poboación envellecida que acode habitualmente ao centro de saúde por cronicidade ou doenzas comúns.

A isto súmase o dano económico que supón usar taxi ou vehículo na maioría dos casos, debido ao deficiente servizo de transporte público existente no noso territorio.

O alcalde da Cañiza leva anos pedindo ao Goberno da Xunta que se cubra esta praza, chamando a todas as portas pero as respostas son sempre evasivas ou negativas.

Este desleixo e falla de atención entendemos que está a evidenciar unha vontade



de desmantelamento deste consultorio, que se nun futuro se produce será responsabilidade do Goberno do Partido Popular de Núñez Feijóo.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Tras dous anos sen repoñer a praza vacante no PAC da Cañiza, cando ten previsto o Goberno da Xunta cubrila?

2ª) Vai manter o número de 4 profesionais médicos adscritos ao PAC da Cañiza, que existía ata hai dous anos?

3ª) Cre o Goberno da Xunta que 3 médicos son suficientes para atender as necesidades sanitarias de 4.411 cartillas?

4ª) Ten previsto o Goberno da Xunta o peche do consultorio da parroquia de Valeixe, na Cañiza?

Pazo do Parlamento, 24 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 24/08/2021 13:06:17

Julio Torrado Quintela na data 24/08/2021 13:06:29

Marina Ortega Otero na data 24/08/2021 13:06:38



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Por Resolución de 15 de xuño de 2020 a Secretaría Xeral para o Deporte aprobaba o denominado protocolo FISIOCOVID no ámbito do deporte federado de Galicia.

Conforme ao devandito protocolo as distintas federacións deportivas galegas están obrigadas a desenvolver un protocolo específico de acordo coas distintas especialidades deportivas.

Conforme aos protocolos de aplicación e ás ordes ditadas pola Consellería de Sanidade, e no que atinxe á competición e practica deportiva no deporte federado de ámbito non profesional de competencia autonómica, establécense distintas medidas e condicións para a realización de adestramentos e para a celebración de competicións.

Entre outras medidas acordadas establécese que nos adestramentos e competicións deportivas federadas autonómicas que impliquen contacto se debe empregar máscara ou unha medida alternativa de protección específica.

Diante desta situación, distintas federacións estableceron como medida alternativa á utilización da máscara a obrigatoriedade de realizar test de control (PCR ou test de antíxenos) cada 14 días, medida que permanece en vigor e resulta de obrigado cumprimento para todos as persoas deportistas federadas de ámbito autonómico que compitan en deportes de contacto.

Segundo datos da Consellería de Sanidade a 20 de agosto o 71 % da poboación galega está vacinada coa pauta completa. Entre os datos publicados destácase que 175.620 mozos e mozas de entre 20 e 29 anos de idade, é dicir, o 76 % da poboación nesa franxa está vacinada (78,20 % da poboación diana), mentres que na franxa de idade de 30 a 39 anos a porcentaxe de vacinación é do 78,3 %.

Por outra banda, a Xunta de Galicia vén de anunciar para a terceira semana de agosto o inicio da vacinación do tramo de idade de 12 anos a 16 anos.



Con estes datos amósase que unha porcentaxe importante de deportistas galegos federados de ámbito autonómico xa están vacinados ou en visos de vacinación.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cos datos de vacinación anunciados e coas previsións de vacinacións previstas para o mes de agosto, considera o Goberno da Xunta de Galicia que se deben seguir realizando obrigatoriamente test para a realización de adestramentos e competicións deportivas federadas de ámbito autonómico?

2ª) Cos datos de vacinación ofrecidos pola Xunta de Galicia considera o Goberno modificar o Protocolo FISIO COVID?

3ª) No seu caso, vai establecer a Xunta unha liña de axudas para axudar aos clubs deportivos a sufragar o coste da realización dos test para a tempada 2021-2022?

Pazo do Parlamento, 24 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 24/08/2021 10:43:43

Pablo Arangüena Fernández na data 24/08/2021 10:43:54

Paloma Castro Rey na data 24/08/2021 10:44:13



Á Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Corina Porro Martinez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Noelia Pérez López ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego.**

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado convoca a Campaña de verán 2021 cun programa de actividades cun claro compoñente de educación non formal destinadas á xuventude no ámbito do lecer e o tempo libre.

Como xa ocorreu en 2020, as circunstancias derivadas da crise sanitaria da Covid 19 fixeron moi necesario poder ofertar un recurso de conciliación para as familias galegas e de educación non formal para o tempo de lecer dos nosos mozos e mozas que lles permita beneficiarse, coas máximas garantías de prevención e hixiene, dun espazo de ocio favorable para as súas emocións e sentimentos.

Leváronse a cabo diferentes actividades coas adaptacións necesarias en canto a limitacións de aforo máximo nas instalacións xuvenís ofertadas, reforzo das medidas hixiénico sanitarias e incremento das rateos monitor/participante para unha prestación do servizo máis eficiente e con todas as garantías.

Así mesmo, en aplicación do principio de transversalidade das políticas en materia de discapacidade e co obxectivo de que a inclusión social sexa unha realidade ao tempo que se favorece a interacción e a convivencia entre toda a mocidade, nesta Campaña de este verán 2021, as mozas e mozos galegos con discapacidade, en función das limitacións que presenten, puideron decidir sobre a modalidade de participación á que desexan optar: polo procedemento xeral ou polo procedemento das prazas reservadas de inclusión.

Son unha forma diferente e divertida de pasar as vacacións estivais. As diferentes actividades que integran esta programación leváronse a cabo en diversas quendas de entre oito e doce días de duración durante os meses de xullo, agosto e setembro. Os campamentos podíanse escoller o que se quixera en función da túa idade e das



actividades que se levaran a cabo nel: actividades de diversa temática en función do campamento (náutica, deportiva, ambiental, artística, patrimonial vinculada ao o Camiño de Santiago, científica, agrícola...)

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Cal é o balance que fai a Xunta de Galicia sobre a Campaña de Verán 2021 destinado á Xuventude no ámbito de lecer e tempo libre?

Santiago de Compostela, 24 de agosto 2021.

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Domínguez na data 24/08/2021 13:33:11

María Corina Porro Martínez na data 24/08/2021 13:33:26

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 24/08/2021 13:33:37

José Alberto Pazos Couñago na data 24/08/2021 13:33:52

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/08/2021 13:34:00

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 24/08/2021 13:34:10

Noelia Pérez López na data 24/08/2021 13:34:20



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A pandemia, as fusións e o camiño emprendido cara á dixitalización está contribuíndo a un proceso inexorable de reestruturación e transformación da banca no conxunto do Estado e por suposto tamén en Galicia. En consecuencia, estamos diante dun proceso continuo de peche de oficinas, de mingua na prestación de servizos financeiros, de expulsión da presenza física dos clientes nas entidades, da imposición de modelos de banca dixital a persoas clientes que carecen da suficiente formación ou mesmo da imposibilidade de que moitos se vexan privados do acceso o efectivo.

Unha tendencia que seguirá no ano 2021 e que de seguro se prolongará nos próximos anos.

Non é unha situación novidosa. Dende o ano 2008 o número de oficinas bancarias non deixou de minguar. Segundo datos do Banco de España en Galicia lévanse pechado nos últimos 12 anos máis da metade da súa rede de oficinas, pasando de 2.539 do ano 2008 a 1.231, a finais de 2020.

Aínda que o proceso de peche de oficinas afecta ao conxunto das entidades financeiras en Galicia, resulta certamente rechamante o caso de Abanca, por ser esta entidade a de maior presenza no país tanto por número de clientes como por volume de negocio e conta de resultados. Unha entidade que, como é público e notorio, é o resultado final do proceso de fusión e posterior extinción das caixas de aforros. Caixas que capilarizaban o territorio con presenza en todos os concellos de Galicia dando cobertura de servizos financeiros á inmensa maioría da poboación.

Dende marzo de 2015 a marzo de 2021 Abanca leva pechadas máis de 110 oficinas, un proceso de peche que se ve incrementado nos últimos meses de xeito indiscriminado. Dende abril deste ano Abanca ten pechado ou anunciado o peche de oficinas en Carril, Vilaxoán, Vimianzo, Zas, A Baña, Baíñas, Muras, Vimianzo, Forcarei, Fene, Cotobade, Cerdido, Mesón do Vento, Seixo (Marín), Campelo, Campo Lameiro, Padrenda, Quintela de Leirado, Padrenda ... , moitas desas oficinas radicadas en concellos ou localidades nas que era a única oficina o



cal está xerando unha situación evidente de exclusión financeira para unha parte importante da poboación galega.

Lembramos que en Galicia existen xa cerca de 50 concellos, que abranguen a unha poboación de 60 mil persoas, sen ningunha oficina bancaria. Concellos rurais onde a exclusión financeira e a perda de servizos básicos é unha constante. Problemática que, lamentablemente, afecta ao conxunto da poboación galega, posto que o peche de oficinas bancarias tamén se está a dar en cidades e vilas máis urbanas.

Con todo sendo preocupante a situación en toda Galicia, a situación vólvese dramática na provincia de Ourense na que case un 30 % dos concellos carecen de oficina bancaria (un 9 % da poboación), concellos onde hai anos operaban precisamente as Caixas de Aforro, sucedidas despois por Abanca en canto entidade compradora de NG Banco, S.A (entidade resultado da fusión das caixas galegas).

Unha venda, a das caixas de aforro, feita a toda presa e por un prezo de saldo, despois dun saneamento de máis de 9.000 millóns de euros de diñeiro público, o do que aínda o Goberno galego non deu contas a ninguén neste país.

Unha xestión nefasta e desastrosa que agora produce estas consecuencias.

Diante do desmantelamento continuo e reiterado de servizos básicos financeiros a resposta da Xunta de Galicia foi financiar con fondos públicos que as entidades bancarias instalen caixeiros nos concellos nos que precisamente acaban de pechar oficina.

